

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de outubro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase aprobar o informe sobre as suxestións presentadas en relación coa ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles.

Tamén se acorda o pago do prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo do proxecto: 02388- expropiación por Ministerio de Lei do predio catastral da rúa Afonso X, o Sabio do Concello de Lugo.

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación da contratación da obra de reurbanización do Carril das Flores, exp ref: 2025/C002/000018.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación polo procedemento aberto na contratación do servizo de mantemento de caldeiras e sistemas de calefacción e climatización e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C003/000008.

Acórdase deixar sen efecto o artigo 6.1 *In Fine* do Regulamento do Fondo de Capital Risco Participado polo Concello de Lugo: Lugo transforma e ampliación do período de investimento ata o 31.12.2026 no expediente de contrato dun servizo de mediación financeira e de xestión dun fondo de capital riesco participado polo Concello de Lugo, exp. ref. 2020/C003/000080.

Así mesmo, acórdase a exclusión do único licitador e declaración de deserto no expediente de contratación da subministración dun camión-cesta-grúa elevadora de 18 metros para servizos eléctricos de medio rural, exp. ref. 2025-C004-000027

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3209952589439359416.doc

Asunto: XUNTA DE GOBLRNO LOCAL DO 29-10-2025

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o plan estratéxico de subvencións 2023-2025 do Excmo. Concello de Lugo, 2ª actualización anualidade 2025.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar o recurso de reposición contra a liquidación provisional da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras, alegando desconformidade coa valoración das obras do expediente 2024/Y001/000072.

5. DEPORTES.- Acórdase a aprobación das bases reguladoras e aprobación do gasto para bolsas de axudas económicas individuais para persoas con talento deportivo-exercicio 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a apertura de convocatoria pública, autorización do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras da concesión de subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida (exercicio económica 2025).

Tamén se acorda a aprobación das bases xerais para adxudicación de subvencións dirixidas ao mantemento de taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida recoñecida, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública (exercicio 2025).

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases xerais, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública, para a adxudicación de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de sensibilización social en Lugo (exercicio económico 2025).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.